

MANUAL DE FUNCIONES

O presente manual de funcións para o persoal funcionario da Universidade de Santiago de Compostela, ten un carácter descritivo e non exhaustivo das funcións actuais dos postos de persoal funcionario. As modificacións levaranse a cabo, por acordo dos órganos competentes da Universidade.

Actualizado o 21/04/2021.

ÍNDICE

POSTOS SINGULARIZADOS	5
<i>XEFATURA DE SERVIZO / XEFATURA DE OFICINA.....</i>	<i>6</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN / RESPONSABLE DE XESTION.....</i>	<i>8</i>
<i>RESPONSABLE UNIDADE DE XESTIÓN DE CENTRO E DEPARTAMENTOS.....</i>	<i>10</i>
<i>RESPONSABLE DE ASUNTOS ECONÓMICOS</i>	<i>12</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE SERVIZOS CENTRAIS.....</i>	<i>14</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE SERVIZOS PERIFÉRICOS</i>	<i>16</i>
<i>SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN.....</i>	<i>18</i>
<i>SECRETARÍA DE DECANATO/CENTRO.....</i>	<i>20</i>
<i>RESPONSABLE ADMINISTRATIVO.....</i>	<i>21</i>
<i>SECRETARIO/A XERAL ADXUNTO/A.....</i>	<i>23</i>
<i>VICESECRETARIO/A XERAL</i>	<i>24</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DA SECRETARÍA XERAL</i>	<i>25</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE ASISTENCIA EN MATERIA DE REXISTROS</i>	<i>26</i>
<i>XEFATURA SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA</i>	<i>28</i>
<i>LETRADO/A.....</i>	<i>29</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DE RECURSOS DA ASESORÍA XURÍDICA</i>	<i>30</i>
<i>XEFATURA DE SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA.....</i>	<i>31</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN</i>	<i>33</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DE TÍTULOS.....</i>	<i>35</i>
<i>XEFATURA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.....</i>	<i>36</i>
<i>XEFATURA DA ÁREA DE CALIDADE E MELLORA DE PROCEDEMENTOS.....</i>	<i>37</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DE I+D.....</i>	<i>38</i>
<i>XEFATURA DE SUBÁREA ECONOMICA.....</i>	<i>39</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DE XESTION ECONOMICA DE I+D.....</i>	<i>41</i>
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DE XUSTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D.....</i>	<i>43</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE XUSTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D.....</i>	<i>45</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE XUSTIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS</i>	<i>47</i>
<i>XEFATURA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE E ORZAMENTOS.....</i>	<i>49</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE CONTABILIDADE</i>	<i>50</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE PRESUPOSTOS</i>	<i>51</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE TESOURERÍA</i>	<i>52</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE TESOURARÍA: INGRESOS PROPIOS.....</i>	<i>53</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE TESOURARÍA: TRANSFERENCIAS, SUBVENCÍONS E OPERACIÓNS FINANCEIRAS.....</i>	<i>55</i>
<i>XEFATURA DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO.....</i>	<i>57</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE CONTROL INTERNO</i>	<i>58</i>
<i>XEFE/A DE NEGOCIADO DA TRAMITACIÓN DE OBRIGAS CON TERCEIROS.....</i>	<i>59</i>
<i>XEFATURA DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONOMICA</i>	<i>60</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE XESTIÓN E CONTRATACIÓN</i>	<i>61</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE PATRIMONIO</i>	<i>63</i>
<i>XEFATURA DO SERVIZO DE AXUDAS E SERVIZOS AO ALUMNADO.....</i>	<i>65</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA</i>	<i>67</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE BOLSAS E AXUDAS Ó ALUMNADO.....</i>	<i>68</i>
<i>XEFATURA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA</i>	<i>69</i>
<i>XEFATURA DA SECCIÓN DE OFERTA E PROGRAMAS DE ESTUDO.....</i>	<i>71</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO.....</i>	<i>73</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE PROGRAMAS DE ESTUDO</i>	<i>75</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE NÓMINAS DE INVESTIGACIÓN</i>	<i>77</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE XESTIÓN DE INVESTIGACIÓN</i>	<i>79</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE CADROS DE PERSOAL E BAREMACIÓN PROCESOS SELECTIVOS.....</i>	<i>81</i>
<i>XEFATURA DO SERVIZO DE CAPTACIÓN INTERNACIONAL</i>	<i>83</i>
<i>XEFATURA DA OFICINA DE MOBILIDADE</i>	<i>84</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE MOBILIDADE.....</i>	<i>85</i>
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO UNIDADE DE CONVENIOS.....</i>	<i>86</i>

<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE INFRAESTRUTURAS</i>	87
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN</i>	88
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DE ESTUDOS PROPIOS</i>	90
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE ESTUDOS PROPIOS</i>	91
<i>XEFATURA DE SECCIÓN DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL (EDIUS)</i>	92
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO</i>	93
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO</i>	94
<i>XEFATURA DE NEGOCIADO DE OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO</i>	95
<i>DIRECTOR/A DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA</i>	97
<i>SUBDIRECTOR/A DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA</i>	99
<i>DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA DE CENTRO</i>	101
POSTOS BASE	103
<i>TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN/ TÉCNICO/A DE XESTIÓN</i>	104
<i>TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN, ESPECIALIDADE XURÍDICA</i>	105
<i>ADMINISTRATIVO/AUXILIAR</i>	106
<i>AXUDANTE DE BIBLIOTECA</i>	108
<i>AUXILIAR DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS</i>	110

POSTOS SINGULARIZADOS

XEFATURA DE SERVIZO / XEFATURA DE OFICINA

SUBGRUPO: A1/ A2

NIVEL: 28 Xefatura de Servizo / 26 Xefatura de oficina

ENCADRE ORGANIZATIVO.

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Vicerreitoría / Xerencia

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Vicerreitoría / Xerencia

MISIÓN DO POSTO:

Planificar, dirixir e avaliar as actividades que se levan a cabo no servizo e supervisar e instruír ao persoal ao seu cargo, co fin de optimizar e rendibilizar os servizos prestados no seu conxunto.

FUNCÍONS:

Sen que iso signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Organizar a actividade administrativa do servizo.
- ❖ Deseñar procedementos xerais para a súa aprobación polos órganos competentes e implantalos unha vez aprobados.
- ❖ Realizar resolucións de peticións singulares.
- ❖ Colaborar na elaboración de normativa e regulamentación que afecten ao servizo.
- ❖ Executar as resolucións que emanen dos órganos ou autoridades competentes e afecten ao servizo.
- ❖ Elaborar pregos de condicións e cláusulas, redactar as convocatorias e concursos facendo a provisión de medios necesarios para a súa execución.
- ❖ Recompilar información sacada dos medios de comunicación, así como de diarios e boletíns oficiais sobre temas de interese público.
- ❖ Exercer a dirección, organización, coordinación e control do persoal adscrito ao servizo trasladando a xerencia as propostas relativas a licencias, permisos, contratacións, incumprimentos e outras incidencias de persoal.
- ❖ Colaborar coa Xerencia nas funcións de dirección encomendadas á mesma.
- ❖ Motivar e dirixir a formación permanente e a actualización de coñecementos e técnicas do persoal adscrito ao servizo.

- ❖ Planificar, organizar e distribuír os recursos necesarios para a execución das accións e programacións do servizo, así como responsabilizarse do adecuado uso dos materiais e instalacións asignados ao mesmo.
- ❖ Planificar, coordinar, dirixir e supervisar as actividades que se desenvolvan no servizo, así como propoñer as melloras, mantendo actualizados os coñecementos e técnicas necesarios para lograr a optimización das prestacións do mesmo.
- ❖ Realizar a avaliación da actividade do servizo por medio dos procedementos establecidos, informando ao seu responsable e se fose necesario levar a cabo as medidas correctoras oportunas.
- ❖ Recompilar, actualizar, interpretar e comunicar ao persoal ao seu cargo, as disposicións legais e normas relacionadas con temas da súa competencia, incluída a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, velando polo cumprimento da súa aplicación.
- ❖ Atender aos usuarios do servizo en relación a temas da súa competencia, cando estes o soliciten.
- ❖ Realizar un seguimento dos convenios ou contratos asinados con outros organismos, institucións e empresas para velar polo seu cumprimento.
- ❖ Representar ao servizo tanto nas relacións internas, como nas externas.
- ❖ Realizar, no seu caso, unha memoria anual de actividades, incluíndo os datos económicos e de persoal, para ser incluída na memoria anual da USC.
- ❖ Realizar estudos, informes, estatísticas, etc., sobre temas relacionados co servizo.
- ❖ Controlar e solventar as incidencias derivadas do funcionamento do servizo.
- ❖ Solicitar a substitución do persoal ou designar a persoa ao seu cargo que debe suplir ao ausente.
- ❖ Propoñer iniciativas aos seus superiores así como prestarlles asesoramento técnico.
- ❖ Elaborar normas internas e instrucións de funcionamento de competencias do servizo.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente aquelas que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que participara en razón do posto de traballo.

XEFATURA DE SECCIÓN / RESPONSABLE DE XESTION

SUBGRUPO: A1/A2/C1

NIVEL: 25 Xefatura de Sección / 22 Responsable de Xestión

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Xefatura de servizo

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefatura de servizo

MISIÓN DO POSTO:

Colaborar co seu responsable na planificación e xestión das actividades que se leven a cabo no servizo e responsabilizarse de coordinar, supervisar e realizar as actividades do ámbito de competencia da sección.

FUNCÍONS:

Sen que iso signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Colaborar co xefe do servizo na programación, planificación e desenvolvemento das actividades do mesmo.
- ❖ Encargarse das tarefas de planificación, organización e control correspondente a áreas determinadas encomendadas polo xefe do servizo.
- ❖ Supervisar, coordinar e distribuír o traballo que se realiza na sección, instruindo ao persoal adscrito á mesma.
- ❖ Atender as consultas, queixas, peticións, suxerencias, etc. dos usuarios e transmitir esa información ao seu responsable.
- ❖ Solicitar a substitución do persoal ou designar a persoa ao seu cargo que debe suplir ao ausente.
- ❖ Substituír ao seu responsable cando lle sexa encomendado.
- ❖ Colaborar co seu responsable na elaboración de convocatorias, resolucións, informes, estatísticas, etc. en materia da súa competencia.
- ❖ Colaborar co seu responsable na realización da memoria anual do servizo.
- ❖ Colaborar co xefe do servizo no deseño e actualización de procedementos administrativos.
- ❖ Revisar, actualizar e asegurarse da tramitación da documentación relativa ás actividades que se realizan na sección.

- ❖ Recompilar e distribuír información e normativa aos distintos centros e servizos da USC, así como a outras institucións externas, cando o esixan os procedementos, así como remitir información aos boletíns, diarios oficiais e resto de medios de comunicación, sobre temas de interese público que así o requiran.
- ❖ Motivar a actualización de coñecementos e a formación permanente do persoal encomendado ás tarefas baixo a súa dirección.
- ❖ Realizar a avaliación da actividade da sección por medio dos procedementos establecidos, informando ao seu responsable e se fose necesario levar a cabo as medidas correctoras oportunas.
- ❖ Levar a xestión da cesión temporal do uso de bens patrimoniais (p.e. alugueres, cesións, etc.) do centro ou servizo.
- ❖ Manter informado ao xefe do servizo das actividades, xestións e incidencias que se produzan no desempeño do seu traballo.
- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades así como velar polo cumprimento da aplicación das normas vixentes en materia de prevención de riscos laborais.
- ❖ Velar polo mantemento e mellora dos medios técnicos da súa unidade.
- ❖ Naqueles casos nos cales o xefe de sección non dependa directamente do xefe de servizo, asumirán as funcións propias deste.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente aquelas que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento no que participara en razón do posto de traballo.

RESPONSABLE UNIDADE DE XESTIÓN DE CENTRO E DEPARTAMENTOS

SUBGRUPO: A1/A2/C1

NIVEL: 24/22

UNIDADE: Unidade de xestión de centro e departamentos

ENCADRE ORGANIZATIVO.

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Secretaría Xeral/ Decanos/as/Directores/as de Centro/ Directores/as de departamentos adscritos ao centro/ Vicerreitorías con competencias sobre a actividade da Unidade.

SUPERVISIÓN DIRECTA

Decanos/as/ Directores/as de centro/ Directores/as de departamentos adscritos ao centro

MISIÓN DO POSTO:

Coordinar a xestión de toda a actividade administrativa derivada da programación docente, xestión académica, económica e de recursos humanos adscritos ao centro e, prestar o apoio necesario nesa xestión aos órganos responsables das titulacións que se imparten no centro, de acordo co establecido na programación administrativa anual da Unidade.

FUNCÍONS:

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto.

- ❖ Dirixir e planificar a actividade administrativa de todo o persoal da Unidade, relacionado no cadro de persoal, con independencia da adscrición de cada un dos/as traballadores/as a un posto concreto e da súa ubicación no centro.
- ❖ Asignarlle ao persoal da Unidade, a tramitación dos procesos relacionados coa xestión que se lle encomende, nomeadamente os que se refiren á xestión dos programas de mobilidade, prácticas, traballos fin de grao, máster, actas individualizadas, as distintas fases de planificación académica anual, etc.
- ❖ Elaborar a proposta de Programación Administrativa Anual, coa relación dos principais procesos que se levan a cabo na Unidade e a identificación da/s persoa/s do cadro de persoal ás que se lles encomendan eses procesos.
- ❖ Coordinar a elaboración e mantemento dos sitios web do centro e de todas as titulacións e órganos nel radicados.
- ❖ Facer propostas relativas a: formación, contratacións e rotacións do persoal, así como informar dos incumprimentos e outras incidencias relacionadas co persoal do centro.
- ❖ Autorizar, ou de ser o caso, facer propostas relativas a vacacións, permisos e licenzas do persoal da Unidade.

- ❖ Recompilar, actualizar e comunicarlle ao persoal ao seu cargo as disposicións legais e normas relacionadas con temas da súa competencia.
- ❖ Informar ao persoal sobre as disposicións legais vixentes en materia de seguridade e saúde laboral, así como controlar o cumprimento das medidas establecidas para a prevención de riscos laborais.
- ❖ Asesorar aos órganos académicos na adopción das súas decisións.
- ❖ Colaborar e coordinarse coas unidades administrativas que xestionan procedementos e tarefas vinculadas coa súa área de competencia, ou con outras que puntualmente se estimen necesarias.
- ❖ Organizar o apoio técnico-administrativo para as autoridades académicas nas súas competencias de planificación e programación docente e para os/as coordinadores/as de grao, máster e doutoramento.
- ❖ Colaborar na xestión dos sistemas de garantía de calidade e nos procesos relacionados coa verificación, seguimento e acreditación das titulacións, apoiando aos seus responsables.
- ❖ Coordinarse cos órganos unipersoais de goberno para a planificación e priorización das tarefas a realizar nas secretarías, supervisando a súa execución.
- ❖ Coordinarse cos órganos unipersoais de goberno, para a planificación e priorización das tarefas a realizar en materia económica, supervisando a súa execución.
- ❖ Organizar as tarefas asociadas á información aos usuarios e á xestión da documentación que deba realizarse no centro.
- ❖ Colaborar na implementación da sede electrónica e organizar o desenvolvemento dos procedementos e tarefas que comporte.
- ❖ Elaborar estudos, informes, estatísticas, normas internas, sobre temas da súa competencia.
- ❖ Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto que lle sexan encomendadas, ou que resulten necesarias por razóns de servizo.

RESPONSABLE DE ASUNTOS ECONÓMICOS

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 20

UNIDADE: Unidade de xestión de centro e departamentos/Área

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Responsable da Unidade de xestión de centro e departamentos/Xefatura de Área

SUPERVISIÓN DIRECTA

Responsable da Unidade/Área

MISIÓN DO POSTO:

Levar a cabo a contabilidade orzamentaria e o control da execución dos orzamentos asignados ao centro, e da actividade económica xerada no mesmo, velando polo cumprimento da normativa e seguindo os procedementos aprobados pola USC.

FUNCÍONS:

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto.

- ❖ Realizar baixo a dirección do/a Responsable da Unidade a tramitación dos procesos relacionados coa xestión da Unidade que se lle encomenden.
- ❖ Realizar os trámites asociados á execución orzamentaria, de gastos e ingresos, en todas as súas fases, das partidas orzamentarias asociadas ao centro.
- ❖ Tramitar os expedientes de gasto de contratos menores e iniciar a tramitación administrativa dos expedientes de contratación sometidos a licitación pública.
- ❖ Xestionar os cargos internos e automáticos relacionados co seu centro.
- ❖ Colaborar cos servizos de Control Interno e Contabilidade no seguimento da xestión económica da USC.
- ❖ Realizar a conciliación das partidas orzamentarias asignadas ao centro, coa contabilidade central.
- ❖ Xestionar, controlar e conciliar as contas de anticipo.
- ❖ Colaborar na xustificación dos gastos de actividades con financiamento específico.
- ❖ Dar de alta no inventario da USC, o mobiliario, equipamento e resto de material novo, non funxible, do centro asignado, así como xestionar as modificacións derivadas do cambio de situación dos elementos.
- ❖ Asesorar aos directores de centro de gasto e facilitarlles información do estado económico das partidas orzamentarias.

- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades.

XEFATURA DE NEGOCIADO DE SERVIZOS CENTRAIS

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 20

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia.

Funcionalmente: Xefatura de servizo/Xefatura de sección.

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefatura de servizo/Xefatura de sección/Responsable do servizo.

MISIÓN DO POSTO:

Levar a cabo a xestión administrativa que se realiza no negociado, e coordinar o traballo do persoal encomendado a tarefas baixo a súa dirección.

FUNCÍONS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela. A continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Recoller, e clasificar a correspondencia, paquetes e información recibida na sección ou servizo, e realizar os envíos orixinados pola actividade do mesmo.
- ❖ Supervisar, coordinar e instruír ao persoal encomendado ás tarefas baixo a súa dirección.
- ❖ Realizar o rexistro de entradas e saídas de documentación relativa aos asuntos do negociado, responsabilizándose do mesmo.
- ❖ Recibir, cotexar e rexistrar a documentación que se tramite no negociado, así como solicitar a documentación anexa necesaria.
- ❖ Custodiar e manter actualizado o arquivo, e periodicamente enviar a documentación acumulada ao arquivo histórico ou a un arquivo intermedio, segundo o caso.
- ❖ Elaborar convocatorias, recibir as solicitudes e, unha vez clasificada e rexistrada a documentación, remitila á comisión avaliadora. Esta función implica a publicación das resolucións dos recursos e reclamacións que puideran presentarse.
- ❖ Atender e informar aos usuarios tanto internos como externos, subministrando a información ou axuda oportuna segundo os casos.
- ❖ Realizar o inventario dos bens mobles e inmobles da USC segundo a normativa vixente e trasladar a documentación aos responsables oportunos.
- ❖ Levar a cabo a actualización periódica da páxina WEB correspondente á sección ou servizo, así como resolver os problemas que puideran xurdir durante a utilización das aplicacións informáticas propias do servizo, seguindo as directrices establecidas polo seu responsable.

- ❖ Difundir información, listados, resolucións, etc. de asuntos relacionados coa sección ou servizo correspondente. Dita función realizarase seguindo as instrucións do seu responsable e utilizando os medios de difusión máis axeitados en cada caso (p.e. BOE, DOGA, prensa, etc.).
- ❖ Preparar a documentación e material necesario para a elaboración de estatísticas, memorias, certificados e informes da sección ou servizo, o que implica a recompilación e clasificación da documentación, a transcripción dos datos e a remisión dos mesmos ao responsable correspondente.
- ❖ Colaborar co xefe da sección ou servizo na elaboración, deseño e normalización de documentos, formularios, impresos e procedementos para axilizar e mellorar a xestión administrativa da USC.
- ❖ Prestar apoio administrativo na organización de cursos, congresos, etc., realizando tarefas como: transcripción de programas, envío de comunicacións á prensa, recepción de solicitudes, publicacións de listados de admisións, etc.
- ❖ Nos servizos nos que corresponda, realizar as seguintes tarefas: despachar a diario co seu responsable para programar a súa axenda, organizar actos protocolarios, preparar e presentar os documentos para a súa sinatura.
- ❖ Preparar a documentación necesaria para as distintas Comisións da USC, e dar apoio administrativo ás mesmas cando así se requira, o que implica entre outras tarefas, a transcripción, rexistro e arquivo da información tratada nas mesmas.
- ❖ Suplir e substituír ao persoal ao seu cargo en caso de ausencia.
- ❖ Informar ao seu responsable de cantas incidencias se produzan no desempeño do seu traballo.
- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos axeitadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades.

Realizar aqueloutras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente as que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que se teña participado en razón do posto de traballo.

XEFATURA DE NEGOCIADO DE SERVIZOS PERIFÉRICOS

FUNCIÓNS XENÉRICAS:

- ❖ Recoller, e clasificar a correspondencia, paquetes e información recibida na sección ou servizo, e realizar os envíos orixinados pola actividade do mesmo.
- ❖ Supervisar, coordinar e instruír ao persoal encomendado ás tarefas baixo a súa dirección.
- ❖ Realizar o rexistro de entradas e saídas de documentación relativa aos asuntos do negociado, responsabilizándose do mesmo.
- ❖ Recibir, cotexar e rexistrar a documentación que se tramite no negociado, así como solicitar a documentación anexa necesaria.
- ❖ Custodiar e manter actualizado o arquivo e periodicamente enviar a documentación acumulada ao arquivo histórico ou a un arquivo intermedio segundo o caso.
- ❖ Elaborar convocatorias, recibir solicitudes e unha vez clasificada e rexistrada a documentación, remítilla á comisión avaliadora. Esta función implica a publicación das resolucións dos recursos e reclamacións que puideran presentarse.
- ❖ Atender e informar aos usuarios tanto internos como externos, subministrando a información ou axuda oportuna segundo os casos.
- ❖ Actualización periódica da páxina WEB correspondente, así como resolver os problemas que puideran xurdir durante a utilización das aplicacións informáticas propias, seguindo as directrices establecidas polo seu responsable.
- ❖ Difundir información, listados, resolucións, etc. de asuntos da súa competencia. Dita función realizarase seguindo as instrucións do seu responsable e utilizando os medios de difusión máis axeitados en cada caso (p.e. BOE, DOGA, prensa, etc.)
- ❖ Nas ocasións nas que corresponda, realizar tarefas relacionadas coa xestión académica tal como: elaborar calendarios de exames, tramitar títulos e expedientes, formalizar matrículas, etc.
- ❖ Preparar a documentación e material necesario para a elaboración de estatísticas, memorias, certificados e informes, o que implica a recompilación e clasificación da documentación, a transcripción dos datos e a remisión dos mesmos ao responsable correspondente.
- ❖ Colaborar cos seus responsables na elaboración, deseño e normalización de documentos, formularios, impresos e procedementos para axilizar e mellorar a xestión administrativa da USC.
- ❖ Prestar apoio administrativo na organización de cursos, congresos, etc., realizando tarefas como: transcripción de programas, envío de comunicacións á prensa, recepción de solicitudes, publicación de listados de admisións, etc.
- ❖ Nos servizos nos que corresponda, realizar as seguintes tarefas: despachar a diario co seu responsable para programar a súa axenda, organizar actos protocolarios, preparar e presentar os documentos para a súa sinatura.

- ❖ Preparar a documentación necesaria para as distintas Comisións da USC, e dar apoio administrativo ás mesmas cando así se requira, o que implica entre outras tarefas, a transcripción, rexistro e arquivo da información tratada nas mesmas.
- ❖ Suplir e substituír ao persoal ao seu cargo en caso de ausencia.
- ❖ Informar ao seu responsable de cantas incidencias se produzan no desempeño do seu traballo.
- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades.
- ❖ Pedir orzamentos, tramitar a compra de material (p.e. material de prácticas, material de oficina, etc) e a contratación de servizos externos seguindo as directrices do seu responsable.
- ❖ Realizar o seguimento dos servizos contratados a empresas externas á USC, o que implica levar un control das incidencias que se produzan e informar das mesmas ao responsable correspondente.
- ❖ Nas ocasións que corresponda, realizar tarefas relacionadas coa xestión académica, tales como: elaborar calendarios de exames, tramitar títulos e expedientes, formalizar matriculas, tramitar actas, etc.
- ❖ Tramitar a xestión económica das diversas partidas orzamentarias. Esta función conleva a realización da contabilidade do orzamento e a xestión da cesión temporal do uso de bens patrimoniais, ademais de todos os trámites necesarios (p.e. emisión de cheques, cotexar os pagos, contabilización de cargos, etc.) para a cobertura do ADOP.
- ❖ Axudar ao seu responsable na realización da memoria económica do centro para a súa inclusión na memoria da USC.

SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 20

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Director / Responsable

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Director / Responsable

MISIÓN DO POSTO:

Programar a axenda do seu responsable, preparar os seus desprazamentos e realizar o tratamento da documentación e información que o seu responsable lle encomende.

FUNCÍONS XENÉRICAS:

Sen que iso signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Programar a axenda do seu responsable e mantelo informado da mesma.
- ❖ Abrir a correspondencia do seu responsable e preparar os escritos e documentos oficiais que requiran a súa sinatura.
- ❖ Atender e informar ao público, tanto persoal como telefonicamente, en relación a temas da súa competencia.
- ❖ Recibir, rexistrar e clasificar a correspondencia.
- ❖ Rexistrar e arquivar a documentación que se reciba.
- ❖ Elaborar cartas, escritos, citacións, notas de réxime interno, saúdas, invitacións, oficios, etc., relativos a temas da súa competencia, cando así llo encomende o cargo do que depende.
- ❖ Citar, identificar e atender as visitas.
- ❖ Realizar os trámites administrativos necesarios para axilizar a marcha do servizo (p.e. cubrir follas de pedimento, tramitar facturas, cubrir follas de axudas de custo, etc.)
- ❖ Programar e preparar os desprazamentos do seu responsable realizando os trámites oportunos para iso (p.e. mercar billetes, reservar estancia, etc.)
- ❖ Prestar axuda na organización e preparación de actos oficiais (p.e. foro universitario, conferencias, apertura de curso, procesos electorais, etc.).
- ❖ Recompilar e sacar de boletíns, diarios oficiais e outros medios de difusión, información relevante en temas da súa competencia e remitirla ao seu responsable.

- ❖ Redactar e enviar información e documentación relativa a reunións e acordos de órganos oficiais da USC (p.e. Consello Social, Consellos de Goberno, claustro, comisións, etc.) aos seus membros e demais persoal interesado.
- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades.
- ❖ Informar ao seu responsable de cantas incidencias se produzan no desempeño do seu traballo.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente aquelas que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que participara en razón do posto de traballo.

FUNCIÓNS ESPECÍFICAS:

Xerencia

- ❖ Xestionar e actualizar a páxina WEB de xerencia.

Consello Social

- ❖ Levar os trámites e asuntos económicos e orzamentarios do Consello (p.e. facer follas de pedimento, contabilizar facturas, controlar as partidas orzamentarias e o seu crédito, facer conciliacións de contas, etc).

Secretaría Xeral

- ❖ Convocatoria de órganos colexiados.
- ❖ Transcribir actas, certificacións e dilixencias derivadas de acordos de órganos colexiados.
- ❖ Nomeamentos e cesamentos.

Reitorado

- ❖ Ocuparse da organización, preparación e protocolo (p.e. encargar á imprenta as invitacións, envialas, acondicionar o local, etc.) de actos académicos oficiais.

SECRETARÍA DE DECANATO/CENTRO

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 18

UNIDADE: Unidade de xestión de centro e departamentos

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Decano/a ou Director/a do centro/ Responsable da Unidade

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Responsable da Unidade

MISIÓN DO POSTO:

Dar soporte administrativo aos órganos de dirección do centro e á Unidade de xestión de centro e departamentos, de acordo co establecido na programación administrativa anual da Unidade.

FUNCÍONS:

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto.

- ❖ Dar soporte administrativo aos órganos de dirección do centro.
- ❖ Realizar baixo a dirección do/a responsable da Unidade a tramitación dos procesos relacionados coa xestión da Unidade que se lle encomenden.
- ❖ Rexistrar, ordenar e arquivar as entradas e saídas de documentación que se reciban no decanato/centro.
- ❖ Atender e informar aos usuarios internos e externos.
- ❖ Levar a cabo as xestións administrativas necesarias en relación coas distintas convocatorias que realice o centro e preparar, tramitar, notificar e, enviar ao profesorado, alumnado e ao PAS, etc. toda a documentación e información que lle poida afectar.
- ❖ Colaborar co/a responsable da Unidade e cos órganos implicados, na tramitación necesaria para a xestión dos traballos fin de grao, prácticas curriculares e extracurriculares, etc.
- ❖ Colaborar co/a responsable da Unidade e cos órganos implicados, nas tarefas relacionadas coa programación docente que se lle encomenden.
- ❖ Enviar a documentación institucional que se lle encomende e preparar e organizar os actos oficiais que se desenvolvan no centro.
- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades.
- ❖ Informar ao seu responsable de cantas incidencias se produzan no desempeño do seu traballo.

RESPONSABLE ADMINISTRATIVO

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 18

Unidade: Unidade de xestión de centro e departamentos

ENCUADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Responsable da Unidade/ Director/a do departamento

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Responsable da Unidade

MISIÓN DO POSTO:

Dar soporte administrativo á Unidade de xestión de centro e departamentos e, de ser o caso, aos órganos de dirección do departamento ao que estea asignado, de acordo co establecido na programación administrativa anual da Unidade.

FUNCÍONS

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto.

- ❖ Realizar baixo a dirección do/da responsable da Unidade, a tramitación dos procesos relacionados coa xestión da Unidade que se lle encomenden.
- ❖ Dar soporte administrativo aos órganos de dirección do Departamento.
- ❖ Atender e informar aos usuarios internos e externos.
- ❖ Tramitar as solicitudes de permisos e licenzas docentes e de investigación, así como as viaxes, oposicións, teses, etc. efectuados tanto polos membros do departamento como polo profesorado invitado.
- ❖ Prestar apoio técnico-administrativo ao/á responsable da Unidade nas súas competencias na xestión de graos, máster, doutoramento, etc.
- ❖ Realizar as tarefas asociadas aos sistemas de garantía de calidade e os procesos relacionados coa verificación, seguimento e acreditación das titulacións que lle encomende o/a responsable da Unidade.
- ❖ Dar soporte administrativo á elaboración, tramitación e modificacións do Plan de organización docente e da Programación docente anual das materias que imparte o persoal docente e investigador do Departamento.
- ❖ Preparar a documentación e material necesario para a elaboración e posterior gravación da memoria anual de produción científica do departamento.

- ❖ Colaborar cos responsables de asuntos económicos na tramitación da documentación de índole económica relacionada co departamento.

SECRETARIO/A XERAL ADXUNTO/A

SUBGRUPO: A1

NIVEL: 28

ENCADRE ORGANIZATIVO.

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Secretaría Xeral

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Secretaría Xeral

MISIÓN DO POSTO:

Apoiar o cargo de Secretario Xeral e asumir a dirección técnico-administrativa dos servizos dela dependente.

FUNCÍONS:

Sen que iso signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ A dirección e coordinación dos servizos xurídicos da USC.
- ❖ A dirección da defensa e, no seu caso, a asistencia aos Tribunais de xustiza nos procedementos xudiciais dos que sexa parte a USC.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente aquelas que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que participara en razón do posto de traballo.

VICASECRETARIO/A XERAL

SUBGRUPO: A1/A2

NIVEL COMPLEMENTO DESTINO: 28

ENCADRAMENTO ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Secretaría Xeral

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Secretario/a Xeral

MISIÓN DO POSTO: Baixo a dirección da/o Secretaria/o Xeral dará impulso ás políticas da USC nas materias de transparencia, accesibilidade, acceso á información pública e bo goberno, seguridade da información, xestión e rexistro de convenios e a unha nova organización e desenvolvementos informáticos en materia xestión académica

FUNCIÓNS

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Impulso dunha nova organización no ámbito da xestión académica
- ❖ Impulso das reformas operativas e novos desenvolvementos no ámbito da xestión académica
- ❖ Impulso da transparencia, accesibilidade, acceso á información pública e bo goberno na USC
- ❖ Xestión da seguridade da información na USC en colaboración co responsable da área
- ❖ Dirección operativa da xestión dos Convenios na USC
- ❖ A realización doutras tarefas directivas e de xestión que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo

XEFATURA DE SECCIÓN DA SECRETARÍA XERAL

SUBGRUPO: A1/A2/C1

NIVEL: 25

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Secretaría Xeral

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Secretaría Xeral Adxunto

MISIÓN DO POSTO:

Coordinar e apoiar á Secretaria Xeral na xestión das competencias atribuídas

FUNCIÓNS:

Sen que sexa un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Apoiar á xestión electoral
- ❖ Realizar un seguimento das entidades nas que participa a USC
- ❖ Dirixir e coordinar os rexistros da USC, presenciais e electrónicos
- ❖ Colaborar na implantación da administración electrónica na USC
- ❖ Apoio á Secretaría Xeral na organización de reunións de órganos colexiados, no control de cargos académicos, preparación de certificacións non habituais, seguimento e control da normativa de protección de datos persoais, colaboración no desenvolvemento normativo xeral da USC, seguimento da publicación de instrucións, regulamentos, resolucións., colaboración na elaboración, difusión e seguimento da súa aplicación.
- ❖ Coordinarse cos servizos e apoiar aos órganos que dependen da Secretaría Xeral
- ❖ Apoiar e asesorar á comunidade universitaria respecto das funcións da Secretaría Xeral
- ❖ Exercer as responsabilidades xerais descritas para o posto de xefe de sección.

Funcionalmente estará integrada polos seguintes negociados: negociado da Secretaría Xeral e negociados de Asistencia en Materia de Rexistros.

XEFATURA DE NEGOCIADO DE ASISTENCIA EN MATERIA DE REXISTROS

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL COMPLEMENTO DESTINO: 20

ENCADRAMENTO ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Xefe/a de sección da Secretaría Xeral

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefe/a de sección

MISIÓN DO POSTO: Dar soporte administrativo ás funcións que teñen encomendadas as Oficinas de Asistencia en materia de Rexistros.

FUNCIÓNS

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Implantar e xestionar as aplicacións informáticas de Rexistro que determine a USC, definindo, incluíndo e actualizando as unidades tramitadoras e aos usuarios, así como establecendo os protocolos e formularios necesarios
- ❖ Coordinarse cos servizos e unidades e coa ATIC para establecer os fluxos de documentación entre as distintas unidades, así como a súa conexión coas actuais aplicacións da USC (Flexia, Xescampus...), así como a proposta de melloras a desenvolver no funcionamento da aplicación.
- ❖ Dar soporte ao persoal responsable das distintas unidades tramitadoras de GEISER, no desenvolvemento das súas funcións.
- ❖ Formar no uso das ferramentas de rexistro aos responsables das distintas unidades tramitadoras.
- ❖ Elaborar os protocolos necesarios para a implantación, a mellora da aplicación e posterior actuación en caso de que non funcione correctamente.
- ❖ Tramitar a adquisición dos medios materiais necesarios (escaners, lectores de códigos de barras...)
- ❖ Asistir ás persoas usuarias no uso de medios electrónicos cando estas así o soliciten, especialmente no referente a identificación e sinatura electrónica, presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico e a obtención de notificacións ou copias auténticas.
- ❖ Dixitalización de documentos presentados en forma presencial e expedición de copias auténticas
- ❖ Realizar as funcións propias do persoal de rexistro
- ❖ Dirixir ao persoal adscrito á Oficina organizando e supervisando o seu traballo
- ❖ Atender e informar ao persoal usuario en relación coas cuestións que formulen relacionadas con asuntos da súa competencia
- ❖ Tramitar a adquisición dos medios materiais necesarios
- ❖ Xestionar as incidencias que se produzan no seu ámbito de competencia na Oficina
- ❖ Poñer en marcha, coordinar e xestionar outras ferramentas informáticas, entre elas as relativas ao Rexistro electrónico de apoderamentos.
- ❖ Exercer de Oficinas rexistradoras de certificados dixitais (Certificados da FNMT, de Certificados de Emprego Público, etc.) e coordinar outras oficinas rexistradoras da USC .

- ❖ Exercer as demais responsabilidades xerais descritas para postos de xefatura de negociado, e aqueloutras tarefas que lle sexan encomendadas pola xefatura de Sección vinculadas coa súa misión.

XEFATURA SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA

SUBGRUPO: A1/A2

NIVEL: 28

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Secretaría Xeral

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Secretaría Xeral

MISIÓN DO POSTO:

Asesoramento e orientación xurídica aos órganos da USC para a elaboración dos actos universitarios sometidos a dereito (administrativo, civil, mercantil, internacional, laboral e penal). Defensa xurídica dos intereses da USC e coordinación da mesma se se fai por medios externos..

FUNCÍONS:

Sen que sexa un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Colaboración cos diferentes servizos e unidades da USC na tramitación dos recursos complexos que foran interpostos contra a Universidade.
- ❖ Coordinación e apoio aos letrados designados pola USC, nas actuacións xudiciais ante os tribunais.
- ❖ Revisión de pregos de contratación, redacción de contratos, participación na redacción de normas e demais regulación relacionada cos procedementos de contratación.
- ❖ Actuación como órgano interno consultivo en cuestións que susciten controversias xurídicas.
- ❖ Revisión dos expedientes sancionadores do persoal da USC, co obxecto de adecuar ás circunstancias particulares as resolucións finais.
- ❖ Estudo e elaboración de informes ou resolucións de consultas que lle sexan solicitados sobre temas xurídicos.
- ❖ Execución de sentencias xudiciais.
- ❖ Recompilación, actualización e participación na elaboración da normativa da USC.
- ❖ Revisión e redacción de convenios.
- ❖ Actualización e información de normativa e xurisprudencia aos servizos, unidades ou membros da USC.
- ❖ Exercer as responsabilidades xerais descritas para o posto de xefe de servizo

Así mesmo dentro do servizo de asesoría xurídica está encadrada a seguinte sección: sección de recursos da asesoría xurídica.

LETRADO/A

SUBGRUPO: A1

NIVEL COMPLEMENTO DESTINO: 28

ENCADRAMENTO ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Secretaría Xeral

FORMACIÓN ESPECÍFICA: Licenciado/a en Dereito/ Graduado e curso de formación para avogados previsto na Lei 34/2006, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais ou norma que a substitúa

SUPERVISIÓN DIRECTA: Secretario/a Xeral Adxunto/a

MISIÓN DO POSTO: Baixo a dirección do Secretario/a Xeral Adxunto/a e coordinación da/do Xefa/e do Servizo de Asesoría Xurídica realizará as tarefas de asesoramento xurídico que se lle asignen e a defensa dos intereses da Universidade nos xuízos en todo tipo de ordes xurisdicionais

FUNCIÓNS

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Programar, dirixir e avaliar as actividades da súa área de traballo en coordinación e baixo a dirección da xefatura do servizo
- ❖ Estudio e asesoramento xurídico dos expedientes que se lle asignen
- ❖ Exercer a defensa legal e xurídica da USC en todo tipo de ordes xurisdicionais
Informar sobre a organización, funcionamento e actividades da Universidade de Santiago de Compostela, participando na súa promoción interior e exterior, a través de eventos ou campañas divulgativas.

FUNCÍONS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo que teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela. A continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Supervisar, coordinar e instruír ao persoal da oficina nas diferentes tarefas e actividades de información dirixidas ao estudantado, que lle sexan encomendadas.
- ❖ Facilitar información xeral sobre a USC: centros, departamentos, instalacións, servizos, oferta de estudos, titulacións, órganos de goberno, normativa xeral, actividades de extensión universitaria, etc
- ❖ Orientar e informar, tanto directamente como por teléfono ou por escrito acerca de aspectos universitarios.
- ❖ Levar a cabo a actualización periódica da páxina WEB da Oficina, así como realizar, organizar e manter as bases de datos.
- ❖ Axudar a Dirección da Oficina na realización de informes, memoria de actividades do servizo para a súa inclusión na memoria da USC, etc.
- ❖ Preparar a documentación e material necesario para a elaboración de estatísticas, certificados e informes da oficina, o que implica a recompilación e clasificación da información e da documentación, a transcripción dos datos e a remisión dos mesmos ao responsable do servizo.
- ❖ Colaborar coa Dirección da Oficina na elaboración, deseño e normalización de folletos informativos, axendas, guías informativas, carteis divulgativos dos principais procesos académicos, formularios, etc. para a difusión da información sobre aqueles asuntos da súa competencia.
- ❖ Prestar apoio na organización, loxística, asistencia e participación de eventos, feiras e salóns de carácter educativo, visitas institucionais á universidade, etc.
- ❖ Organizar, planificar e supervisar o traballo realizado no negociado e informar de maneira periódica á dirección sobre os avances no cumprimento das diferentes tarefas desenvolvidas.

- ❖ Coñecer e aplicar a normativa vixente que afecte aos asuntos da súa área
- ❖ Tramitación e resolución de reclamacións.
- ❖ Pedir orzamentos, tramitar a compra de material (p.e, material de oficina, merchandaising, etc) e a contratación de servizos externos seguindo as directrices do seu responsable.
- ❖ Realizar o seguimento do material ou servizos contratados levando un control das incidencias, de ser o caso, e informar das mesmas.

Realizar aqueloutras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente as que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que se teña participado en razón do posto de traballo.

XEFATURA DE SECCIÓN DE ESTUDOS PROPIOS

SUBGRUPO: A1/A2/C1

NIVEL: 25

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Dirección do Centro de Estudos Propios (CEP)

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Dirección do CEP

MISIÓN DO POSTO: Planificar e xestionar as actividades relativas aos estudos propios da USC e supervisar e coordinar o traballo administrativo do persoal adscrito ao CEP

FUNCIÓNS:

Sen que sexa un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Colaborar coa dirección do CEP na planificación, coordinación e difusión da oferta de estudos propios da USC.
- ❖ Apoiar á dirección do CEP e asumir aquelas funcións que lle sexan asignadas por substitución temporal ou por delegación.
- ❖ Xestionar a oferta de posgrao propio e a formación continua.
- ❖ Levar a cabo o seguimento da oferta, o control de calidade e o informe de resultados, con especial atención á elaboración e análise de datos estatísticos.
- ❖ Coordinar e supervisar a xestión económica dos cursos de posgrao e formación continua.
- ❖ Prestar apoio na elaboración e xestión de convenios de colaboración e de prácticas que tramite o CEP.
- ❖ Coordinar e supervisar o persoal asignado ao CEP.
- ❖ Prestar apoio administrativo á Comisión de Estudos Propios.
- ❖ Supervisar a páxina web do CEP.
- ❖ Elaborar instrucións, deseño de formularios e desenvolvemento de ferramentas de mellora para xestión de asuntos de competencia do CEP.
- ❖ Desenvolver calquera outro proceso de xestión e soporte que contribúa aos fins propios do CEP de acordo co seu nivel de responsabilidade.
- ❖ Exercer as responsabilidades xerais descritas para postos de xefatura de sección, así como aquelas que lle sexan encomendadas pola dirección do Centro e que estean vinculadas á súa misión.

Funcionalmente a Sección de Estudos Propios está integrada por: Negociado de Estudos Propios e Responsable de Asuntos Económicos.

XEFATURA DE NEGOCIADO DE ESTUDOS PROPIOS

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 20

ENCADRE ORGANIZATIVO.

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Xefatura de Sección do CEP

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefatura de Sección do CEP

MISIÓN DO POSTO: Levar a cabo a xestión administrativa relativa aos estudos de posgrao propio e de formación continua, así como da súa oferta académica.

FUNCÍONS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificación que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo que teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela. A continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Tramitar todos os procedementos relativos á revisión das propostas dos cursos de posgrao propio e de formación continua, para a súa aprobación e, de ser o caso, modificación.
- ❖ Revisar as memorias finais dos cursos, con carácter previo á toma en consideración polos órganos competentes para a súa aprobación.
- ❖ Actualizar, no referido á parte académica, a base de datos asociada aos cursos de posgrao propio.
- ❖ Colaborar na publicidade dos cursos de posgrao propio e formación continua.
- ❖ Prestar apoio administrativo á Comisión de Estudos Propios.
- ❖ Atender e informar aos usuarios en relación coas cuestións que formulen relacionadas coa elaboración de propostas e memorias dos cursos de posgrao propio e de formación continua.
- ❖ Colaborar na elaboración de instrucións, deseño de formularios e mellora das ferramentas informáticas utilizadas na xestión dos programas dos cursos de posgrao propio e de formación continua.
- ❖ Informar á área de xestión académica sobre recoñecemento de créditos nos cursos de posgrao propio e de formación continua e tramitar as propostas que se presenten.
- ❖ Emitir os informes e certificados sobre os cursos de posgrao propio e formación continua que soliciten outros servizos da Universidade ou o profesorado.
- ❖ Exercer as demais responsabilidades xerais descritas para postos de xefatura de negociado, e aquelas outras tarefas que lle sexan encomendadas pola xefatura da Sección que estean vinculadas coa súa misión.

XEFATURA DE SECCIÓN DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL (EDIUS)

SUBGRUPO: A1/A2/C1

NIVEL: 25

ENCADRE ORGANIZATIVO.

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Dirección do EDIUS

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Dirección do EDIUS

MISIÓN DO POSTO: Planificar e xestionar as actividades do seu ámbito de competencia e supervisar e coordinar o traballo administrativo das distintas áreas da EDIUS

FUNCÍONS:

Sen que sexa un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Colaborar coa dirección da EDIUS, co Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica e co Servizo de Xestión Académica, na planificación, coordinación, avaliación e difusión da oferta de doutoramento.
- ❖ Colaborar coa dirección da EDIUS nos procesos de calidade dos programas de doutoramento e no Sistema de Garantía Interno de Calidade da EDIUS.
- ❖ Apoiar á dirección da EDIUS e asumir aquelas funcións que lle sexan asignadas por substitución temporal ou por delegación.
- ❖ Supervisar e coordinar as distintas áreas da EDIUS e ao seu persoal.
- ❖ Apoiar aos órganos colexiados vinculados da EDIUS e a Escola de doutoramento.
- ❖ Planificar e coordinar administrativamente a Escola de doutoramento.
- ❖ Planificar e coordinar o seguimento dos doutorandos.
- ❖ Coordinar a xestión de actividades de formación dirixidas aos doutorandos.
- ❖ Planificar e coordinar a xestión administrativa da defensa de teses de doutoramento e os procesos posteriores competencias da EDIUS.
- ❖ Coordinar a xestión de convenios, convocatorias e axudas relativas á EDIUS e aos programas de doutoramento.
- ❖ Desenvolver calquera outro proceso de xestión e soporte que contribúa aos fins propios da EDIUS de acordo co seu nivel de responsabilidade.
- ❖ Supervisar a páxina web da EDIUS
- ❖ Exercer as responsabilidades xerais descritas para postos de XEFATURA de sección, así como aquelas que lle sexan encomendadas pola dirección do Centro e que estean vinculadas á súa misión.

Funcionalmente a Sección do EDIUS está integrada por: Negociado de Estudos de Doutoramento e o Negociado da Escola de Doutoramento.

XEFATURA DE NEGOCIADO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 20

ENCADRE ORGANIZATIVO.

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Xefatura de sección da EDIUS

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefatura de sección da EDIUS

MISIÓN DO POSTO: Levar a cabo a xestión administrativa relativa ao apoio aos estudos de doutoramento previa ao depósito da tese, así como prestar apoio aos órganos da EDIUS.

FUNCÍONS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificación que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo que teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela. A continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Prestar asistencia administrativa aos órganos da EDIUS, tanto na área de estudos de doutoramento como na área de estudos avanzados.
- ❖ Levar a cabo os trámites de xestión competencia do negociado para a súa remisión aos órganos da escola de doutoramento.
- ❖ Colaborar na xestión do rexistro de directores de tese.
- ❖ Colaborar no seguimento dos doutorandos.
- ❖ Colaborar na xestión das actividades de formación para os doutorandos.
- ❖ Atender e informar aos usuarios en relación coas cuestións que formulen relacionadas con asuntos da súa competencia
- ❖ Exercer as demais responsabilidades xerais descritas para postos de xefatura de negociado, e aquelas outras tarefas que lle sexan encomendadas pola xefatura da Sección que estean vinculadas coa súa misión.

XEFATURA DE NEGOCIADO DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 20

ENCADRE ORGANIZATIVO.

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Dirección da EDIUS /Xefatura de sección da EDIUS

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefatura de sección da EDIUS

MISIÓN DO POSTO: Levar a cabo a xestión administrativa relativa aos estudos de doutoramento na tramitación da defensa da tese, así como prestar apoio aos órganos das escolas de doutoramento.

FUNCIÓNS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo que teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Prestar asistencia administrativa aos órganos da escola de doutoramento.
- ❖ Apoiar administrativamente á escola de doutoramento no seu ámbito de competencias.
- ❖ Colaborar na tramitación das solicitudes de autorización de defensa de teses.
- ❖ Apoiar ao mantemento da ficha Teseo.
- ❖ Colaborar na tramitación do premio extraordinario de doutoramento.
- ❖ Atender e informar aos usuarios en relación coas cuestións que formulen relacionadas con asuntos da súa competencia
- ❖ Exercer as demais responsabilidades xerais descritas para postos de xefatura de negociado, e aquelas outras tarefas que lle sexan encomendadas pola xefatura da Sección que estean vinculadas coa súa misión.

XEFATURA DE NEGOCIADO DE OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 20

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Xefatura de servizo do XOPRA/Xefatura de sección da EDIUS.

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefatura de sección da Oferta e Programas de Estudo.

MISIÓN DO POSTO: levar a cabo a xestión administrativa do negociado relativa aos programas de doutoramento e á súa oferta académica e coordinar o traballo do persoal que teña encomendado tarefas baixo a súa dirección de acordo coa xefatura de sección.

FUNCIÓNS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo que teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela. A continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Recepcionar, rexistrar e distribuír a documentación e información recibida no servizo, relacionada coa elaboración, tramitación, aprobación e oferta académica dos programas de doutoramento.
- ❖ Colaborar na tramitación interna e externa necesaria para a aprobación, modificación e renovación da acreditación dos programas de doutoramento, de acordo coas instrucións dos/as responsables da Sección de Oferta e Programas de Estudos e do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica
- ❖ Incorporar os programas de doutoramento ás aplicacións informáticas existentes, e levar a cabo o mantemento e tramitación das modificacións, para realizar a oferta académica dos programas de doutoramento.
- ❖ Colaborar na elaboración e tramitación dos Convenios dos programas de doutoramento nos que participen outras universidades ou institucións.
- ❖ Rexistrar e actualizar a base de datos de convenios que se realicen no Servizo que atinxen aos programas de doutoramento.
- ❖ Colaborar coa xefatura da Sección e Servizo na elaboración, deseño e descrición dos procesos, procedementos, e fluxogramas así como o establecemento de indicadores que permitan a aplicación de normas de calidade (Normas ISO ou FQM).
- ❖ Ser o primeiro enlace co persoal da EDIUS e do Servizo de Xestión Académica para a tramitación e coordinación dos asuntos relativos á oferta dos programas de doutoramento.
- ❖ Colaborar coa xefatura de sección para realizar propostas de optimización de recursos humanos e materiais tanto no relativo ás tarefas de xestión como a permisos e vacacións.

- ❖ Exercer as demais responsabilidades xerais descritas para postos de xefatura de negociado, e aquelas outras tarefas que lle sexan encomendadas pola xefatura do Servizo ou da Sección que están vinculadas coa súa misión

DIRECTOR/A DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

SUBGRUPO: A1

NIVEL: 28

ENCUADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Vicerreitoría / Xerencia

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Vicerreitoría correspondente

MISIÓN DO POSTO:

Planificar, dirixir, xestionar e avaliar as actividades que se realizan na Biblioteca Universitaria, así como supervisar e coodenar ao persoal adscrito á mesma.

FUNCIÓNS:

Sen que iso signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Exercer a dirección, organización, coordinación e control do persoal adscrito á Biblioteca Xeral, trasladando á xerencia as propostas relativas a licencias, permisos, contratacións, incumprimentos e outras incidencias de persoal.
- ❖ Supervisar e coordinar ao persoal da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Motivar e dirixir a formación permanente e a actualización de coñecementos e técnicas do persoal ao seu cargo.
- ❖ Elaborar o anteproxecto do presuposto da Biblioteca Universitaria, para a súa presentación ante a Comisión Universitaria de Bibliotecas e o Consello de Goberno Universitario.
- ❖ Xestionar e controlar o orzamento da Biblioteca Xeral e o centralizado da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Planificar, organizar e distribuír os recursos necesarios para a execución das accións e programacións da Biblioteca Universitaria, así como responsabilizarse do adecuado uso dos materiais e instalacións asignados á mesma.
- ❖ Prestar asesoramento con relación á programación de edificios, instalacións e equipamentos da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Planificar, coordinar, dirixir e supervisar as actividades que se desenvolvan na Biblioteca Universitaria de acordo cas directrices aprobadas pola Comisión Universitaria de Bibliotecas, así como propor as melloras que estime oportunas, mantendo actualizados os coñecementos e técnicas necesarios para lograr a optimización das prestacións do servizo.
- ❖ Realizar a avaliación da Biblioteca Universitaria, por medio dos procedementos establecidos, informando ao seu responsable e se fose necesario levar a cabo as medidas correctoras oportunas.

- ❖ Recompilar, actualizar e comunicar ao persoal ao seu cargo, as disposicións legais e normas relacionadas con temas da súa competencia, incluída a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, responsabilizándose da súa aplicación.
- ❖ Atender aos usuarios da Biblioteca Universitaria con relación a temas da súa competencia, cando estes o soliciten.
- ❖ Realizar un seguimento dos convenios ou contratos asinados con outros organismos, institucións e empresas para velar polo seu cumprimento.
- ❖ Representar ao servizo tanto nas relacións internas con outros órganos da universidade, coma nas externas, cando o seu responsable llo encomende.
- ❖ Realizar, no seu caso, unha memoria anual de actividades, incluíndo os datos económicos e de persoal, para ser incluída na memoria anual da USC.
- ❖ Realizar estudos, informes, estatísticas, etc., sobre temas da súa competencia que lle soliciten os seus responsables.
- ❖ Suplir e substituír ao persoal ao seu cargo en caso de ausencia.
- ❖ Planificar e xestionar a política de desenvolvemento das coleccións da biblioteca universitaria e fomentar a política de donacións de acordo coas directrices marcadas na mesma.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente aquelas que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que teña participado en razón do posto de traballo.

SUBDIRECTOR/A DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

SUBGRUPO: A1/A2

NIVEL: 26

ENCUADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Dirección da Biblioteca Universitaria.

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Dirección da Biblioteca Universitaria.

MISIÓN DO POSTO:

Colaborar coa dirección da Biblioteca Universitaria nas tarefas de organización e dirección das actividades e do persoal adscrito á mesma, responsabilizándose de planificar, coordinar e supervisar as tarefas asignadas ao ámbito da súa competencia.

FUNCÍONS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Colaborar coa dirección na planificación, xestión, control e avaliación das actividades que se leven a cabo na Biblioteca Universitaria e que teñan sido aprobadas pola Comisión da mesma.
- ❖ Supervisar, coordinar e instruír ao persoal encomendado ás tarefas baixo a súa dirección.
- ❖ Colaborar na elaboración e xestión do orzamento da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Axudar ao seu responsable na realización da memoria anual da Biblioteca Universitaria, e outros informes en materia da súa competencia, cando este llo encomende.
- ❖ Planificar e coordinar a implantación e actualización de procesos de traballo na Biblioteca Universitaria.
- ❖ Planificar e asesorar en materia de equipamento e organización dos distintos espazos e fondos da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Encargarse das tarefas de planificación, organización, control e supervisión directa, correspondente a áreas determinadas encomendadas polo director da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Manter informada á dirección da Biblioteca das actividades, xestións e incidencias que se produzan nos distintos centros da mesma.
- ❖ Colaborar na elaboración de normativa e regulamentación relativa á B.U.
- ❖ Atender as consultas, queixas, peticións, suxerencias, etc. dos usuarios da Biblioteca Universitaria, e transmitir esa información ao seu responsable.

- ❖ Velar polo cumprimento da aplicación das normas vixentes en materia de prevencións de riscos laborais.
- ❖ substituír ao Director/a da Biblioteca nas relacións internas e externas con organismos, institucións e empresas, cando o seu responsable llo encomende.
- ❖ Suplir e substituír ao director e persoal ao seu cargo en caso de ausencia.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente as que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que teña participado en razón do posto de traballo.

DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA DE CENTRO

SUBGRUPO: A1/A2/C1

NIVEL: 25

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Dirección/ Subdirección Biblioteca Universitaria

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Dirección/ Subdirección da Biblioteca Universitaria

MISIÓN DO POSTO:

Planificar, dirixir e avaliar as actividades que se desenvolven na Biblioteca, seguindo as directrices aprobadas na Comisión da B.U., e supervisar e coordinar ao persoal adscrito á mesma.

FUNCIÓNS:

Sen que iso signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Exercer a dirección, organización, coordinación e control do persoal adscrito á biblioteca, trasladando á xerencia as propostas relativas a licencias, permisos, contratacións, incumprimentos e outras incidencias de persoal.
- ❖ Planificar, coordinar, dirixir e supervisar as actividades que se desenvolven na biblioteca seguindo as directrices aprobadas na Comisión da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Xestionar e controlar o orzamento asignado á biblioteca.
- ❖ Planificar, organizar e distribuír os recursos necesarios para a execución das accións e programacións da biblioteca, así como responsabilizarse do adecuado uso dos materiais e instalacións asignados á mesma.
- ❖ Realizar a avaliación da actividade da biblioteca por medio dos procedementos establecidos, informando á dirección da Biblioteca Universitaria e se fose necesario levar a cabo as medidas correctoras oportunas.
- ❖ Executar a política de desenvolvemento das coleccións aprobada pola Comisión da Biblioteca Universitaria (selección, adquisición, expurgo).
- ❖ Atender e informar aos usuarios da biblioteca.
- ❖ Organizar e impartir cursos de formación para usuarios.
- ❖ Xestionar o mantemento das instalacións, do equipamento e dos fondos da biblioteca, e asesorar tecnicamente en materia da programación de modificacións na mesma.
- ❖ Distribuír os catálogos de novidades e bibliografía entre os profesores, investigadores e alumnado.

- ❖ Xestionar a petición de subvencións e axudas para a adquisición de fondos.
- ❖ Realizar, no seu caso, unha memoria anual de actividades, incluíndo os datos económicos e de persoal, para ser incluída na memoria anual da Biblioteca Universitaria.
- ❖ Realizar asesoramentos, estudos, informes, estatísticas, etc., sobre temas da súa competencia que lle soliciten os seus responsables.
- ❖ Elaborar e custodiar o arquivo administrativo da documentación que se xera no centro.
- ❖ Suplir e substituír ao persoal ao seu cargo en caso de ausencia.
- ❖ Recompilar, actualizar, e comunicar ao persoal ao seu cargo, as disposicións legais e normas relacionadas con temas da súa competencia, incluída a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, responsabilizándose da súa aplicación.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente as que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que teña participado en razón do posto de traballo.

POSTOS BASE

TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN/ TÉCNICO/A DE XESTIÓN

SUBGRUPO: A1/A2

NIVEL COMPLEMENTO DESTINO: 23/21

ENCADRAMENTO ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Área/Servizo/Unidade

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefe/a correspondente

MISIÓN DO POSTO: Baixo a dirección da/o xefa/e correspondente, realizará tarefas de colaboración e xestión en materia administrativa que sexan competencia do Servizo/Unidade á que estea adscrito/a, ao obxecto de asegurar a adecuada xestión dos asuntos, expedientes, procesos e procedementos encomendados.

FUNCÍONS

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Funcións superiores de desenvolvemento de tarefas de administración, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior, apoio de nivel superior a calquera órgano ou dependencia, tramitación e ordenación de procedementos administrativos, de recursos humanos, económico-financeiros, xestión económica e de servizos.
- ❖ Executar e realizar o seguimento das decisións adoptadas polos superiores en materias da súa competencia.
- ❖ Prestar asesoramento técnico aos superiores, executar as súas decisións, realizar propostas de mellora, executalas e participar na súa avaliación.
- ❖ Diseñar plans detallados que permitan levar a cabo unha óptima organización do traballo diario, priorizando as tarefas segundo a urxencia e a importancia das mesmas.
- ❖ Preparar resolucións, e contestar ou informar recursos administrativos, e as solicitudes, queixas ou reclamacións dos cidadáns.
- ❖ Colaborar na racionalización de estruturas e sistemas de traballo e na formalización e simplificación de expedientes, procesos, formularios...
- ❖ Diseñar, implantar e avaliar métodos e procedementos na unidade
- ❖ Adoptar medidas para asegurar a atención dos usuarios con eficacia e calidade, facendo de xeito directo cando sexa necesario.
- ❖ Supervisar e coordinar traballos desempeñados na Unidade, se así se lle encomenda
- ❖ Revisión de propostas de normas, acordos, resolucións, convenios ou outros actos administrativos competencia da Unidade.
- ❖ Elaborar informes, memorias, estatísticas, propostas de normas xerais ou resolución sobre asuntos da súa competencia, a pedimento dos superiores.
- ❖ Compilar, actualizar, interpretar e comunicar ao persoal se así se lle encomenda a normativa e a información relacionada coas materias competencia da súa área.
- ❖ Formarse profesionalmente e colaborar, se así se lle encomenda, no deseño e impartición de cursos de formación.
- ❖ Realizar aqueloutras tarefas afíns ao posto que se lle encomenden ou resulten necesarias por razón do servizo no eido da súa competencia

TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN, ESPECIALIDADE XURÍDICA

SUBGRUPO: A1

NIVEL COMPLEMENTO DESTINO: 23

ENCADRAMENTO ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Secretaría Xeral/Xerencia

FORMACIÓN ESPECÍFICA: Licenciado/a en Dereito/ Graduado e curso de formación para avogados previsto na Lei 34/2006, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais ou norma que a substitúa

SUPERVISIÓN DIRECTA: Xefe/a do Servizo de Asesoría Xurídica/ Vicexerencia

MISIÓN DO POSTO: Baixo a dirección da/o Xefa/e do Servizo ou da Vicexerencia, realizará tarefas de colaboración e xestión en materia de asesoramento xurídico da USC.

FUNCIÓNS

Sen que isto signifique un catálogo exhaustivo, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Estudio e asesoramento xurídico dos expedientes que se lle asignen no seu ámbito de competencia.
- ❖ Elaboración de documentos con contido xurídico (contratos, acordos...)
- ❖ Revisión de propostas de normas, acordos, resolucións, convenios ou outros actos administrativos que teñan efectos xerais ou sobre terceiros
- ❖ Exercer as demais funcións descritas para os postos de técnico superior de administración.
- ❖ Realizar aqueloutras tarefas afíns ao posto que se lle encomenden ou resulten necesarias por razón do servizo no eido da súa competencia.

ADMINISTRATIVO/AUXILIAR

SUBGRUPO: C1/C2

NIVEL: 15, 17

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia

Funcionalmente: Director / Responsable do centro

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Xefatura de negociado / Xefatura de sección / Xefatura do servizo/Responsable Unidade

MISIÓN DO POSTO:

Tramitar, revisar e enviar a documentación que o seu responsable lle encomende, atender e informar aos usuarios que o soliciten e realizar tarefas de redacción, transcricións, reprodución da información.

FUNCÍONS XENÉRICAS:

Sen que iso signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Redactar e transcribir todo tipo de documentación relacionada coa área de traballo asignada (p.e. cartas, oficios, etc.)
- ❖ Abrir, rexistrar e clasificar a correspondencia.
- ❖ Ordenar, clasificar e archivar documentos.
- ❖ Atender e informar, tanto persoal como telefonicamente, aos usuarios en relación a temas competencia da unidade ou sobre o estado de tramitación do procedemento en que sexa parte o interesado.
- ❖ Realizar os trámites administrativos necesarios para o bo funcionamento do servizo (cubrir follas de pedimento, cubrir impresos, etc.), efectuando cálculos sinxelos cando os procedementos así o esixan.
- ❖ Preparar a documentación necesaria dos asuntos competencia da unidade, recompilando e sacando a información de boletíns, diarios oficiais e outros medios de difusión ou solicitándoa a outras unidades administrativas da USC ou do exterior, e remitirla ao seu responsable.
- ❖ Enviar circulares, notificacións, convocatorias, notas de xornal, etc. a diferentes servizos da USC e outras institucións (p.e. públicas, privadas, medios de comunicación, DOGA, etc.) cando así llo encomenden.
- ❖ Manexar as máquinas reprodutoras de documentación (p.e. fotocopiadora, fax, etc.) para realizar tarefas derivadas do servizo.
- ❖ Realizar tarefas de gravación e consulta no sistema informático da USC.

- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades.
- ❖ Responsabilizarse do adecuado uso dos materiais e instalacións asignadas.
- ❖ Informar ao seu responsable de cantas incidencias se produzan no desempeño do seu traballo.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente aquelas que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que participara en razón do posto de traballo.

AXUDANTE DE BIBLIOTECA

SUBGRUPO: A2

NIVEL: 21

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia.

Funcionalmente: Dirección da Biblioteca

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Dirección da Biblioteca

MISIÓN DO POSTO:

Realizar e supervisar os procesos de catalogación, fotodocumentación préstamo interbibliotecario e outras tarefas relacionadas co tratamento e a información bibliográfica que se realizarán en función do centro ao que estea adscrito.

FUNCÍONS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

- ❖ Realizar o tratamento técnico dos fondos da Biblioteca Universitaria: catalogación, indización, clasificación, xestión de autoridades, dixitalización e sinaturización.
- ❖ Realizar os trámites necesarios para a adquisición das coleccións bibliográficas e documentais incluíndo as que se refiran a servizos e produtos electrónicos e ocuparse do seu mantemento.
- ❖ Atender e informar aos usuarios da biblioteca en materia bibliográfica, así como atencións ás Salas de Investigadores naquelas bibliotecas onde as tivesen.
- ❖ Colaborar coa dirección da biblioteca na formación de usuarios.
- ❖ Colaborar na organización de exposicións bibliográficas e na difusión dos fondos e servizos bibliotecarios.
- ❖ Elaborar estatísticas, estudos e informes relacionados con temas da súa competencia.
- ❖ Recibir e rexistrar o material bibliográfico novo.
- ❖ Realizar os trámites necesarios para efectuar o proceso de fotodocumentación e de préstamo interbibliotecario.
- ❖ Realizar o baleirado de revistas, números monográficos e outros documentos.
- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos materiais e equipos empregados no desempeño das súas actividades.

- ❖ Manter informado ao seu responsable das incidencias que xurdan durante o desempeño do seu traballo e propor as medidas que considere oportunas para a mellora do servizo.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente as que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que se teña participado en razón do posto de traballo.

AUXILIAR DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS

SUBGRUPO: C1

NIVEL: 17

ENCADRE ORGANIZATIVO:

Organicamente: Xerencia.

Funcionalmente: Dirección da Biblioteca

SUPERVISIÓN DIRECTA:

Dirección da Biblioteca

MISIÓN DO POSTO:

Atender aos usuarios na utilización dos distintos servizos ofertados nas bibliotecas e realizar as tarefas auxiliares nos procesos técnicos e de xestión que se realizan nas bibliotecas.

FUNCÍONS:

Sen que signifique un catálogo exhaustivo, e a expensas de modificacións que se poidan establecer en virtude das atribucións que en materia de ordenación e distribución do traballo teñen atribuídos os órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela, a continuación especificanse as principais funcións e responsabilidades inherentes ao posto:

Realización de tarefas de atención ao público:

- ❖ Facilitar información de carácter xeral relacionada ca BUSC, os seus servizos, organización das coleccións etc, e orientar aos usuarios nas buscas bibliográficas e na selección e uso das fontes de información bibliográfica mais adecuadas.
- ❖ Atención das Salas de consulta de fondos e dos servizos que nelas se prestan: Servizo de fondos de depósito para consulta en sala, realización de transaccións de préstamos, gravación de datos nos ficheiros de usuarios da BUSC, reclamacións, etc.
- ❖ Recollida e tratamento dos datos estatísticos para a avaliación de uso dos servizos e coleccións.

Realización de tarefas auxiliares nos procesos técnicos e de xestión que se realizan nas bibliotecas:

- Xestión das coleccións:

- ❖ Control e seguimento das solicitudes de adquisición de obras: comprobación nos catálogos da biblioteca e nos catálogos de provedores.
- ❖ Tramitación e seguimento de pedidos, reclamacións etc., e correspondencia con provedores. Preparación de facturas.
- ❖ Proceso de fondo expurgado (elaboración de listados de duplicados, envíos, pedidos, etc.)

- ❖ Ordenación e preparación física das coleccións (sinatura, selado, texuelado, etc.), realización de recontos e tarefas auxiliares de mantemento e conservación dos fondos bibliográficos, xestión da encadernación, etc.

- Bases de datos bibliográfica:

- ❖ Captura e importación de rexistros bibliográficos. Colaboración nas correccións, depuracións e melloras dos rexistros.
- ❖ Gravación de datos de exemplar no catálogo automatizado (sinatura, características de exemplar, códigos de barras...).

- Xestión do préstamo interbibliotecario e fotodocumentación:

- ❖ Manexo a nivel de usuario dos programas de xestión deste servizo, gravación de datos das solicitudes.
- ❖ Xestión completa das solicitudes de fondos da BUSC pedidos por outras institucións.

- Información:

- ❖ Colaborar na elaboración de produtos de información aos usuarios, (textos, DSIs, páxinas web...), e nos cursos de formación dos usuarios.

Responsabilidades xerais do posto:

- ❖ Informar aos usuarios sobre as prestacións da unidade.
- ❖ Atender e dar resposta as incidencias que se presenten e comunicarllos ao responsable do servizo.
- ❖ Participar na determinación de obxectivos, deseñando e programando as actividades necesarias para o seu desenvolvemento.
- ❖ Realizar os procedementos administrativos e de xestión propios da súa actividade.
- ❖ Colaborar, de ser o caso, na realización da memoria anual de actividades do servizo.
- ❖ Participar na elaboración de estudos, informes, estatísticas e realizar asesoramentos sobre temas da súa competencia que lle soliciten os seus responsables.
- ❖ Manter actualizados os seus coñecementos.
- ❖ Responsabilizarse do adecuado uso dos materiais e instalacións asignadas.
- ❖ Responsabilizarse do estado de conservación, orde e limpeza do material, fondos, equipos, etc.
- ❖ Utilizar as medidas de prevención de riscos adecuadas aos equipos e materiais empregados no desempeño da súa actividade.
- ❖ Cumprir coas disposicións de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.

Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto e que lle sexan encomendadas, ou resulten necesarias por razóns de servizo, particularmente aquelas que se deriven dos coñecementos ou experiencias esixidos nas

probas de asignación ao posto, ou os adquiridos en cursos de perfeccionamento nos que participara en razón do posto de traballo.